

Disposición derradeira

Única.-Este decreto entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezaseis de xuño de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

**CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN
LOCAL**

Orde do 13 de xuño de 2005 pola que se outorgan nomeamentos a rexistradores da propiedade para os rexistros vacantes que se citan.

O nomeamento de rexistradores da propiedade, bens inmobles e mercantís que desempeñen funcións en Galicia é competencia desta comunidade autónoma, segundo o disposto no artigo 26.1º do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981.

Visto o expediente instruído para a provisión de rexistros da propiedade vacantes, en virtude de concurso ordinario convocado por resolución da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado do 4 de abril de 2005 (BOE do 22 de abril) e, de conformidade cos artigos 284 da Lei hipotecaria, 513 do Regulamento para a súa execución, o Decreto da Xunta de Galicia 226/2003, do 11 de abril, e demais disposicións legais autonómicas pertinentes,

RESOLVO:

Nomear as rexistradoras da propiedade que a continuación se relacionan para prover os rexistros vacantes radicados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia:

María Núñez Núñez, rexistradora da Estrada, para o rexistro número 2 e mercantil de Lugo.

Ana Cristina Nogueira Ramadas, rexistradora da Pobra de Trives, para o rexistro de Muros (A Coruña).

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2005.

Jesús C. Palmou Lorenzo
Conselleiro de Xustiza, Interior
e Administración Local

**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

Resolución do 17 de xuño de 2005 pola que se aproban os tipos de xuro máximos que as entidades financeiras aplicarán durante o segundo semestre do ano 2005 aos préstamos en vigor dos convenios de axuda financeira ás Pemes dos anos 1995, 1996, 1997, 1998, 1999, 2000, 2001, 2002, 2003 e 2004-2006 e do convenio de apoio financeiro ao sector pesqueiro de Galicia.

De conformidade cos convenios de colaboración de axuda financeira ás Pemes dos anos 1995, 1996, 1997, 1998, 1999, 2000, 2001, 2002, 2003 e 2004-2006 e do convenio de apoio financeiro ao sector pesqueiro de Galicia (publicado mediante Resolución do 22 de xuño de 2001 no *Diario Oficial de Galicia* nº 133, do 10 de xullo), os tipos de xuro para exercicios futuros dos préstamos subvencionados pola Xunta de Galicia que se formalizaron ao abeiro dos ditos convenios serán variables por semestres naturais, establecéndose no texto dos correspondentes convenios o sistema de determinación do tipo de xuro.

Visto o exposto e unha vez verificados os datos relativos á evolución do Mibor e Euribor durante o período establecido en cada convenio e en virtude das facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Os tipos de xuro máximos que se aplicarán durante o segundo semestre do ano 2005 aos préstamos en vigor dos convenios de axuda financeiras ás Pemes dos anos 1995, 1996, 1997, 1998, 1999, 2000, 2001, 2002, 2003 e 2004-2006 e do convenio de apoio financeiro ao sector pesqueiro de Galicia serán os seguintes:

-Préstamos do convenio Pemes 1995: 3,85%.

-Préstamos do convenio Pemes 1996: 3,95%. No caso de que o tipo adicional sexa inferior a 1,75 puntos, o tipo de xuro que se vai aplicar será o resultado de engadirlle ao tipo de referencia (2,20) o tipo adicional que teñan pactado as partes. Se o tipo de xuro resultase con varios decimais, arredondearase ata a máis próxima vixésima parte do punto.

-Préstamos dos convenios Pemes 1997 e 1998: 3,40%. No caso de que o tipo adicional sexa inferior a 1,25 puntos, o tipo de xuro que se vai aplicar será o resultado de engadirlle ao tipo de referencia (2,14) o tipo adicional que teñan pactado as partes. Se o tipo de xuro resultase con varios decimais, arredondearase ata a máis próxima vixésima parte do punto.

-Préstamos dos convenios Pemes 1999, 2000, 2001, 2002, 2003, 2004 e 2005 e do convenio de

apoio financeiro ao sector pesqueiro de Galicia: 3,30%. No caso de que o tipo adicional sexa inferior a 1,15 puntos, o tipo de xuro que se vai aplicar será o resultado de engadirle ao tipo de referencia (2,144) o tipo adicional que teñan pactado as partes. Se o tipo de xuro resultase con varios decimais, arredondearase ata a máis próxima vixésima parte do punto.

Segundo.-As entidades financeiras deberán comunicarlles aos beneficiarios dos préstamos subvencionados a variación do tipo de xuro.

Terceiro.-O tipo de xuro do préstamo resultante para o beneficiario, é dicir, o nominal menos os puntos de subsidiación, non poderá ser inferior ao límite fixado nos respectivos convenios. No caso de que sexa inferior, limitarase a subsidiación ata o citado límite. Para o caso de que o tipo de xuro nominal sexa igual ou inferior ao límite suspenderase, se é o caso, a subsidiación e o tipo de xuro que se aplicará á operación de préstamo será o que lle corresponda segundo o estipulado no punto primeiro desta resolución.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2005.

José Antonio Orza Fernández
Presidente do Instituto Galego
de Promoción Económica

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

Resolución do 17 de xuño de 2005, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se clasifica un posto de traballo reservado a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, na agrupación voluntaria dos concellos de Porqueira e Os Blancos.

Os concellos de Porqueira e Os Blancos, en sesións plenarias celebradas os días vinte e sete de agosto

e dous de decembro de dous mil catro, respectivamente, acordaron aprobar definitivamente a agrupación dos ditos concellos para o sostemento en común da praza de Secretaría-Intervención.

Segundo a tramitación correspondente, mediante Decreto do 16 de xuño de 2005, aprobouse a citada agrupación.

Sendo necesario clasificar o posto de traballo reservado a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional correspondente á devandita agrupación, esta dirección xeral, de conformidade co establecido no artigo 159.1º do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e nos artigos 2 e 9 do Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo, e no uso das facultades que lle confire o artigo 241 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e o artigo 13 bis da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia e na Orde do 12 de febreiro de 2003, de delegación de competencias, modificada pola Orde do 31 de outubro de 2003,

RESOLVE:

Clasificar o posto de traballo de Secretaría-Intervención da agrupación dos municipios de Porqueira e Os Blancos, provincia de Ourense, conforme deseguido se especifica:

Corporación: agrupación dos concellos de Porqueira e Os Blancos.

Posto de traballo: Secretaría-Intervención.

Clase: terceira.

Subescala: Secretaría-Intervención.

Situación do posto: cuberto con carácter definitivo polo seu titular Tomás Otero Ferreiro.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Dirección Xeral de Administración Local, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, conforme o disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase impugnalala directamente perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, segundo determina o artigo 46 da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de la xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2005.

P.D. (Orde 12-2-2003 modif. pola Orde do 31 de outubro)

Alfonso Rueda de Valenzuela
Director xeral de Administración Local